

O ESPAZO HUMANO MUNDIAL

1.- A distribución espacial.

A densidade demográfica analiza a distribución da poboación no territorio.

A densidade calcúlase dividindo a poboación total entre a superficie en km².

Pode ser alta (máis de 100), media (entre 50 e 100), baixa (entre 25 e 50) ou moi baixa (menos de 25).

1.1.- Focos de concentración e de despoboamento.

Os principais focos de concentración da poboación localízanse no sueste asiático, Europa Occidental e Central e a costa leste de Estados Unidos.

Pola súa banda, os focos de despoboamento sitúanse nos polos e zonas frías, zonas de alta montaña, desertos e selvas ecuatoriais.

1.2.- Factores de distribución.

- Factores físicos.

Relevo. A poboación concéntrase en zonas planas.

Clima. Preferencia polos climas temperados.

Auga. Preto do mar ou de focos de auga doce.

Solo. Apto para cultivos ou con recursos do subsolo.

- Factores humanos.

Históricos. As áreas máis poboadas sono desde a Antigüidade.

Políticos. Guerras ou cambios de fronteiras.

Económicos. A poboación tende cara as zonas de maior riqueza produtiva de cada país.

2.- O movemento natural da poboación.¹

É o aumento ou descenso da poboación pola diferenza entre a natalidade e a mortalidade. O *crecemento natural* ou vexetativo é o balance entre ambas taxas.

As taxas de natalidade, mortalidade e crecemento vexetativo exprésanse en tantos por mil.

2.1.- Factores da natalidade.

Biolóxicos. Canto máis nova sexa a nai, maior probabilidade de ter máis fillos.

Demográficos. Porcentaxe de mozos ou anciáns; se o grupo que predomina é o adulto, a sociedade terá maior capacidade de reprodución.

Socioeconómicos. Custo de mantemento dos fillos; traballo da muller fóra do fogar; métodos anticonceptivos; crenzas relixiosas.

Políticos. Planificación familiar; aborto; axudas para fomentar a natalidade.

2.2.- Factores da mortalidade.

Biolóxicos. Herdanza xenética; sexo (nacen máis homes, pero as mulleres viven máis tempo).

Demográficos. Porcentaxe de mozos ou anciáns. En xeral, se o de anciáns predomina, a mortalidade será maior.

Socioeconómicos. Ingresos, profesión, nivel cultural, hábitos de vida, dieta, etc.

Políticos. Saneamento público; acceso a auga potable; sanidade pública garantida.

¹ Lembrade repasar as fórmulas das taxas de natalidade e mortalidade, e cando son altas, medias ou baixas.

3.- A composición da poboación.

A estrutura biolóxica céntrase na composición por sexo e por idade.

Representábase a través das pirámides de idade. A súa forma pode ser *triangular* (predomina a poboación nova), de *campá* ou *oxiva* (predomina o grupo adulto) ou de *urna* (a poboación está envellecida).

3.1.- A composición por sexo.

É a proporción entre homes e mulleres.

Calcúlase coa taxa de masculinidade ($100 \times \text{número de homes} / \text{número de mulleres}$) e de feminidade ($100 \times \text{número de mulleres} / \text{número de homes}$).

Nacen máis homes, polo que en idades novas predominan. Por contra, as mulleres teñen maior esperanza de vida, polo que predominan en idades anciás.

3.2.- A composición por idade.

Existen tres grupos de idade.

- Poboación nova (0-14 anos). É o grupo predominante nos países subdesenvolvidos. A poboación aumenta rapidamente. Os problemas que presentan as pirámides onde predomina este grupo son: desnutrición, analfabetismo, altas taxas de paro, emigración.

- Poboación adulta (15-64 anos). É propia dos países de desenvolvemento emerxente. O crecemento demográfico é moderado. A man de obra é abundante, polo que é a situación ideal (o grupo adulto mantén aos novos e aos anciás, inda que pode haber emigración).

- Poboación anciá (+65 anos). É propia dos países máis desenvolvidos. O crecemento demográfico é baixo ou negativo. Como problemas podemos citar a escaseza de man de obra, e elevados gastos en pensións e sanidade.

4.- Os movementos migratorios.²

Son desprazamentos de poboación no espazo.

O saldo migratorio calcúlase restando a inmigración menos a emigración.

4.1.- Tipos de emigrantes.

Pola forma de entrada poden ser legais (con permiso ou contrato de traballo), ilegais (se entran de forma clandestina) ou refuxiados (persoas que se ven obrigadas a abandonar o seu país ao estar a súa vida ameazada por unha guerra, unha catástrofe, etc.).

Segundo a súa cualificación poden ser persoas sen cualificación ou pouco cualificadas (desprázanse de países desenvolvidos a outros desenvolvidos; realizan traballos duros e mal pagados), e cualificadas ou moi cualificadas (de países desenvolvidos a outros menos desenvolvidos; realizan traballos especializados e ben pagados).

4.2.- Causas das migracións.

- Repulsión dos lugares de orixe por motivos naturais (catástrofes), políticos (conflitos) e económicos (falta de traballo ou escaseza de servizos).

- Atracción dos lugares de destino por causas naturais (climas e terreo favorables), políticas (benestar social) e económicas (oferta de emprego).

² Para completar este apartado tedes que estudar tamén a táboa das consecuencias das migracións que debe estar no voso caderno.

4.3.- As migracións interiores.

Prodúcese no interior do mesmo Estado.

Destaca o éxodo rural, que consiste no desprazamento de poboación desde o campo cara a cidade.

No pasado afecta aos países que no presente están desenvolvidos; débese á introdución de maquinaria no campo e ao desenvolvemento da industria nas cidades, que precisan traballadores.

No presente afecta aos países subdesenvolvidos, e provoca a masificación das cidades.

4.4.- As migracións exteriores.

Son desprazamentos entre dous países distintos.

Débense á desigual distribución da poboación e da riqueza, o coñecemento doutros lugares a través dos “mass media” e o abaratamento dos transportes.

Os tipos máis importantes son os seguintes:

- Sur-Norte. De países subdesenvolvidos cara os desenvolvidos.
- Sur-Sur. De países subdesenvolvidos a outros en desenvolvemento próximos.
- Norte-Sur. De países desenvolvidos a subdesenvolvidos, por cooperación económica ou humanitaria.
- Norte-Norte. Traballadores moi cualificadas.